

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS Xan Viaño - Ferrol

Materia: Orquestra

Curso: 2024 - 2025



Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía	4
2.1	Acción Titorial.....	5
2.2	Organización do tempo e do espazo.....	6
2.3	Fomento da Lectura	6
2.4	Organización da Programación na Aula	6
2.5	Disposición de Atriles	7
3.	Atención á diversidade.....	7
4.	Temas transversais.....	8
4.1	Educación en valores.....	8
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	9
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	9
6.	Secuenciación.....	10
6.1	Obxectivos.....	10
6.2	Contidos 15	
6.3	Avaliación	20
6.4	Medidas de recuperación	29
6.5	Recursos didácticos orientativos	31
7.	Procedementos de Avaliación e seguimento da Programación Didáctica	33
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	34
9.	ANEXOS	35
9.1	Probas de Acceso de 2º a 6º G.P.....	35
9.2	Protocolo e Solicitud de Matrícula Excepcional.....	38

1. Introducción

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos Obxectivos, as competencias básicas, os Contidos e os Criterios de Avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do Grao Profesional das Ensinanzas de Réxime Especial de Música é proporcionarlle ó alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco é o Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro onde se fixan os aspectos básicos do currículo das Ensinanzas Profesionais de Música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, desenvolvidos no posterior Decreto de 27 de setembro .

A presente programación está dirixida ao alumnado de Grao Profesional e dá concreción a dito decreto a nivel de aula e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos/as docentes deste centro.

As ensinanzas musicais no Grao Profesional están vertebradas en torno á materia de instrumento e é agora cando se atopan ca disciplina de Orquestra, así como as materias de Conxunto e Música de Cámara, as derradeiras concrecións prácticas de tódolos recursos técnicos traballados na clase de instrumento e dos coñecementos sobre Linguaxe, Harmonía, Análise ou Historia da Música, adquiridos nas clases teóricas. Por todo isto, a materia de Orquestra proporciona ademais da necesaria práctica que asegure unha formación completa que ten por meta o exercicio profesional, ademais dun útil vehículo de conexión entre o instrumento e os coñecementos teóricos.

As dificultades técnicas ou o mero lucimento do solista darán paso a un repertorio que alberga moitas das mellores páxinas da música occidental a unha complexa trama de relacións instrumentais nas que o alumnado se sentirá protagonista destacado.

A Orquestra, a Banda e os conxuntos que se formen deben fomentar tamén as relacións humanas entre os/as alumnos/as, afeitos case sempre a unha práctica individualista e solitaria dos seus instrumentos.

Deben incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea a propia execución unipersonal en aras a conseguir aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación: afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade nos ataques, claridade nas texturas, etc.

O respecto a todas as indicacións do/a director/a fomentará unha actitude de disciplina e provocará a necesidade de memorizar estas para que o traballo realizado ó longo dos ensaios dea os seus froitos no concerto.

Traballarase un repertorio que sexa accesible e motivador á totalidade do alumnado de 1º a 6º G.P., buscando unha evolución na destreza do/a alumno/a á hora de aplicar os contidos da programación na práctica.

A materia de Orquestra impartirase semanalmente nunha sesión dunha hora e media, segundo indica a normativa e estará formada pola sección de Corda Frotada (Violíns, Violas, Violoncellos e Contrabaixos) e Arpa; isto non implica que non se integren e colaboren outros instrumentos como os de Vento Madeira (Fautas, Óboes, Fagots e Clarinetes) e Metal (Trompeta, Trompa, Trombón e Tuba) e/ou de Tecla, como xa se fixo en anos anteriores: dependerá do repertorio a interpretar e solicitarase colaboración ao alumnado que se precise, a través dos Directores das Bandas e/ou Xefes de Departamento.

2. Metodoloxía

A interpretación musical é a meta e, como tal, implica o desenrolo da personalidade, a sensibilidade e como vehículo de emocións.

O/A profesor/a será guía e conselleiro, sendo este parte protagonista na construción da súa personalidade artística. Así pois, a programación ha de ser aberta, non rixida, potenciando a adaptación as características e necesidades do/a alumno/a.

O/A docente aplicará técnicas indutivas (observación, experimentación, comparación, abstracción, xeneralización), dedutivas (aplicación, comprobación, demostración), analíticas (división, clasificación) e sintéticas (conclusión, definición, resumen).

A súa vez o/a profesor/a deberá coñecer os coñecementos previos do/a alumno/a para, a partir da cal, desenrolar os Obxectivos e Contidos.

Segundo aparece na lei, informarase ao alumnado da programación na primeira sesión e explicarase os obxectivo, contidos, sistema de avaliación... e demais puntos que aparecen no documento.

Darase especial importancia a interrelación dos diferentes contidos na Orquestra relacionada con outras materias.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación para favorecer as verdadeiras características do/a alumno/a. É importante a súa vez, que exista unha interrelación entre os/as diferentes alumnos/as; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en conxunto existindo unha maior complicidade entre eles.

O alumnado aprenderá construíndo o seu propio coñecemento; debemos facelos partícipes da súa ensinanza, facer preguntas para que recapaciten sobre o que estudiaran ou realizaran.

Aplicaremos na clase:

- Progresividade da aprendizaxe. O éxito da ensinanza é secuenciar os contidos e obxectivos dun xeito tan progresivo e natural.
- Axeitar a ensinanza aos intereses do alumnado.
- Ensinar co razoamento.
- Ser firme coas decisións razoadas.
- A predisposición do alumnado debe ser boa, do contrario haberá que busca por medio da motivación, etc.
- Ilusionar, estimular e motivar ao alumnado en todo momento, facéndoo partícipe da súa propia ensinanza, realizando audicións, asistencia a actividades extraescolares, actividades grupais, búsquedas en Internet, etc.
- Traballar co soporte técnico del CD, DVD, Internet (Youtube, Spotify...). Esto estimula ao alumnado ao estudo e foméntase a mellora na afinación e o ritmo; a través destes medios poténciase o seu espírito crítico, o respecto por outras visións musicais... a través de debate entre alumnado e docente.
- Utilización sistemática en clase de reforzos positivos, que nos axuden a crear no alumnado unha cultura do esforzo.
- Educar en valores.

2.1 Acción Titorial

O alumnado deberá realizar os exercicios que o/a profesor/a propoña na clase.

Familias, alumnado e profesorado estarán en estreita relación ao longo do curso académico para asegurar un rendemento adecuado do/a alumno/a e no seu defecto tomar decisións, en canto a mecanismos de recuperación posibles.

Indicar tamén que o fin último da ensinanza musical, en xeral, é o desenrolo integral da personalidade do/a alumno/a.

Levarase un control semanal do traballo da Orquestra a través do Libro de Aula; calquera incidencia será posta en coñecemento da familia, titor/a (de instrumento) ou quen se considere oportuno, segundo a situación.

2.2 Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

O Centro onde se imparta a materia de Orquestra, farase cargo do material que o alumnado necesite para o bo descorrer da materia, como pode ser: cadeiras (as xa habituais máis as específicas para contrabaixos), atriles... Os instrumentos, lapis, fotocopias, resinas, arcos, cordas, partituras (xa entregadas)... son competencia do alumnado; este será o responsable de poñer as cadeiras e atriles ao inicio da clase e de recollelos ao finalizar a mesma.

2.3 Fomento da Lectura

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que os/as alumnos/as teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia.

2.4 Organización da Programación na Aula

A metodoloxía utilizada na materia de Orquestra debe depender do nivel xeral do grupo e das posibilidades deste. Para elo, confeccionaremos unha lista posible de repertorio que pode ser abarcable pola totalidade de cada unhas das seccións que compoñen a Orquestra; deste xeito, o alumnado poderase fixar no tempo, coordinación entre cordas, afinación, articulacións... sen que a partitura teña unha gran complexidade técnica e que ao mesmo tempo sexa motivadora. A medida que discorre o curso, as obras poden ser de maior nivel, unha vez que o alumnado se sinta máis familiarizado coa formación.

2.5 Disposición de Atriles

A principio de curso realizarase unha explicación de cada un dos sitios na Orquestra, coa súa disposición e función. Para a colocación do alumnado, o/a docente-director/a terá a posibilidade de levar a cabo probas de atril, coas que determinar o seu nivel e/ou falar cos/as docentes dos instrumentos implicados para que poidan aportar máis información detallada de cada alumno/a, se fora preciso. A adxudicación dos atriles é susceptible de ser modificada ao longo do curso e é o/a docente-director/a o/a que se reserva o dereito de adxudicar ou modificar os postos na Orquestra segundo as necesidades do grupo ou aquelas causas que crea convinte.

3. Atención á diversidade

Un dos elementos que nos caracteriza aos seres humanos é a nosa diversidade. Cada persoa ten unha forma distinta de procesar a información, de pensar, de relacionarse cos demais, de comunicarse, etc. Polo tanto, é un erro pensar que, tendo características e comportamentos distintos, a metodoloxía educativa debe ser igual para todos/as.

A atención á diversidade defínese no capítulo I do título II de la Lei 2/2006 del 3 de maio como o conxunto de alumnos/as que presenta *“necesidades educativas especiales, por dificultades específicas de aprendizaje, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividad (TDAH), por sus altas capacidades intelectuales, por haberse incorporado tarde al sistema educativo, o por condiciones personales o de historia escolar”*.

Todas as accións orientadas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo teñen unha finalidade: garantir o cumprimento do artigo 27 da constitución española, que recolle que todos os cidadáns españois temos dereito á educación.

Debemos ter en conta a situación real do/a alumno/a e o/a profesor/a deberá considerar como primordiais as seguintes cuestións:

1. Coñecer e respectar o nivel musical no que se atopa cada un/unha dos/as alumnos/as.
2. Buscar fórmulas o suficientemente alcanzables para favorecer a progresiva integración do grupo.
3. Adaptar os contidos de forma individualizada, mediante a aplicación metodolóxica oportuna en cada caso.

4. Controlar o ritmo de ensino-aprendizaxe para aqueles que teñen unha mellor capacidade, co fin de non prexudicar o seu avance intelectual e expresivo.

Deste xeito, realizarase ao inicio do curso unha avaliación inicial na que se valorará a situación de partida do grupo e o conxunto do profesorado do alumnado detectará os casos de alumnado con Necesidades Específicas de Atención Educativa (NEAE) ou alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) para posteriormente tomar as decisións necesarias.

Tendo en conta o parágrafo anterior, algunha medida a tomar sería:

- ➔ Dispor de clases de reforzo (se existen no horario do/a Docente)
- ➔ Adaptación das partituras
- ➔ Axuste da linguaxe nos casos nos que o alumnado teña dificultades co castelán ou o galego.

4. Temas transversais

Os temas transversais son un conxunto de contidos de ensinanzas esencialmente actitudinais. Abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado dende a complementariedade.

De xeito paralelo as ensinanzas, deberán ser amosados ao alumnado, como poden ser os seguintes:

- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos
- Educación para a saúde
- Educación cívica e moral
- Temas propios da Comunidade Autónoma Galega.
- Educación para a convivencia, a paz e a cidadanía
- Educación en e para os dereitos humanos

4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación

para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os/as alumnos/as adquiren coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

A materias de Orquestra participará nas actividades que fomenten todos os valores antes mencionados, sempre que sexa posible.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro conta con equipos informáticos con conexión a Internet a disposición do profesorado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio ou libros especializados, etc.

A biblioteca-fonoteca-videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información, deberemos animar e axudar ao alumnado a utilizar este espazo con aproveitamento.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O diferente alumnado de Orquestra participará en todas aquelas actividades de aula que programen os/as profesores/as-directores/as e que sexan de interese para o correcto proceso de ensinanza-aprendizaxe.

É posible que tamén a agrupación participe naquelas actividades programadas dende o Centro ou por outros entes (entidades culturais, asociacións, Consellería...) fora do día e hora de clase de orquestra, sempre que incida de xeito positivo no alumnado.

6. Secuenciación

6.1 Obxectivos

1º e 2º de Grao Profesional (en goso os mínimos exixibles).

- 1 Achegarse a unha faceta musical nova e a unha posible saída profesional
- 2 Adquirir a disciplina requirida para tocar nunha Orquestra (colocación postural, comportamento, atención, actitude, respecto cara o/a profesor/a e compañeiros/as...).
- 3 Adquirir hábitos de memorización e unha progresiva independencia respecto da partitura durante o traballo dunha obra, comprendendo e asimilando a súa estrutura musical.
- 4 **Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, equilibrio de planos e unidade sonora de conxunto (respiración, ataque, afinación, ritmo, fraseo...)**
- 5 Asistir con puntualidade e de xeito continuado a clase co material necesario para o desenrolo da mesma.
- 6 Coñecer e aplicar con criterio as diferentes convencións interpretativas segundo a época e o estilo dunha obra.
- 7 Coñecer os elementos básicos da interpretación musical nas obras que se executen: fraseo, articulación, dinámica e agónica e aplicarlas de cara o estudo instrumental.
- 8 **Desenrolo a atención e conciencia durante a execución do instrumento que lle permita tocar a parte propia cunha afinación e ritmos correctos e o mesmo tempo escoitar os demais instrumentos, adaptándose a un concepto de interpretación común.**
- 9 **Dominar o propio instrumento, de acordo coas exixencias de cada obra.**
- 10 Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestión estéticas a través do traballo do/a director/a e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- 11 **Estudar na casa as obras correspondentes ó repertorio de clase.**
- 12 Inculcar a necesidade do hábito de estudo e a responsabilidade de tocar en grupo.

- 13 Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación en función co seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do/a director/a.
- 14 Mellorar a lectura a primeira vista de forma individual e como parte integrada do conxunto.
- 15 Mostrar interese pola materia e por tocar en grupo
- 16 Recoñecer no xesto do/a director/a as directrices básicas para o desempeño da música en grupo.**
- 17 Respetar as normas que esixe toda actividade e actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración del traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento das mesmas.**
- 18 Tocar en público con autocontrol e atendendo ao protocolo.
- 19 Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.**
- 20 Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional

3º e 4º de Grao Profesional (en groso os mínimos exixibles).

- 1 Achegarse a unha faceta musical nova e a unha posible saída profesional
- 2 Adquirir a disciplina requirida para tocar nunha Orquestra (colocación postural, comportamento, atención, actitude, respecto cara o/a profesor/a e compañeiros/as...).
- 3 Adquirir hábitos de memorización e unha progresiva independencia respecto da partitura durante o traballo dunha obra, comprendendo e asimilando a súa estrutura musical.
- 4 Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenrolo da memoria.
- 5 Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, equilibrio de planos e unidade sonora de conxunto (respiración, ataque, afinación, ritmo, fraseo...)**

- 6 Asistir con puntualidade e de xeito continuado a clase co material necesario para o desenrolo da mesma.
- 7 Coñecer e aplicar con criterio as diferentes convencións interpretativas segundo a época e o estilo dunha obra.
- 8 Coñecer os elementos básicos da interpretación musical nas obras que se executen: fraseo, articulación, dinámica e agónica e aplicalas de cara o estudo instrumental.
- 9 Desenrolo a atención e conciencia durante a execución do instrumento que lle permita tocar a parte propia cunha afinación e ritmos correctos e o mesmo tempo escoitar os demais instrumentos, adaptándose a un concepto de interpretación común.**
- 10 Dominar o propio instrumento, de acordo coas exigencias de cada obra.**
- 11 Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestión estéticas a través do traballo do/a director/a e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- 12 Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director/a e da experiencia do grupo, que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro do mesmo.
- 13 Estudar na casa as obras correspondentes ó repertorio de clase.**
- 14 Inculcar a necesidade do hábito de estudo e a responsabilidade de tocar en grupo.
- 15 Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación en función co seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do/a director/a.
- 16 Mellorar a lectura a primeira vista de forma individual e como parte integrada do conxunto.
- 17 Mostrar interese pola materia e por tocar en grupo
- 18 Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- 19 Recoñecer no xesto do/a director/a as directrices básicas para o desempeño da música en grupo.**

20 Respetar as normas que esixe toda actividade e actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento das mesmas.

21 Tocar en público con autocontrol e atendendo ao protocolo.

22 Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

23 Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional

5º e 6º de Grao Profesional (en groso os mínimos exixibles).

- 1 Achegarse a unha faceta musical nova e a unha posible saída profesional
- 2 Adquirir a disciplina requirida para tocar nunha Orquestra (colocación postural, comportamento, atención, actitude, respecto cara o/a profesor/a e compañeiros/as...).
- 3 Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenrolo da memoria.
- 4 Adquirir hábitos de memorización e unha progresiva independencia respecto da partitura durante o traballo dunha obra, comprendendo e asimilando a súa estrutura musical.
- 5 Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, equilibrio de planos e unidade sonora de conxunto (respiración, ataque, afinación, ritmo, fraseo...)**
- 6 Asistir con puntualidade e de xeito continuado a clase co material necesario para o desenrolo da mesma.
- 7 Coñecer e aplicar con criterio as diferentes convencións interpretativas segundo a época e o estilo dunha obra.
- 8 Coñecer os elementos básicos da interpretación musical nas obras que se executen: fraseo, articulación, dinámica e agónica e aplicalas de cara o estudo instrumental.

- 9 Desenrolar a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar arrollar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- 10 Desenrolo a atención e conciencia durante a execución do instrumento que lle permita tocar a parte propia cunha afinación e ritmos correctos e o mesmo tempo escoitar os demais instrumentos, adaptándose a un concepto de interpretación común.**
- 11 Dominar o propio instrumento, de acordo coas exixencias de cada obra.**
- 12 Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestión estéticas a través do traballo do/a director/a e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- 13 Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do/a director/a e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir con súa responsabilidade como intérprete dentro do mesmo.
- 14 Estudar na casa as obras correspondentes ó repertorio de clase.**
- 15 Inculcar a necesidade do hábito de estudo e a responsabilidade de tocar en grupo.
- 16 Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación en función co seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do/a director/a.
- 17 Mellorar a lectura a primeira vista de forma individual e como parte integrada do conxunto.**
- 18 Mostrar interese pola materia e por tocar en grupo
- 19 Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles
- 20 Recoñecer no xesto do/a director/a as directrices básicas para o desempeño da música en grupo.**
- 21 Respetar as normas que esixe toda actividade e actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración del traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento das mesmas.**
- 22 Tocar en público con autocontrol e atendendo ao protocolo.

23 Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

24 Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional

6.2 Contidos

1º e 2º de Grao Profesional (en grosso os mínimos exixibles).

- As agrupacións orquestrais
- Asistencia e puntualidade á clase, concertos e probas acústicas cando o/a profesor/a o dispoña.
- Características do repertorio: autores, xéneros e formas; instrumentación, textura e cor.
- Colocación da Orquestra seguindo as directrices do/a profesor/a.
- Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
- Desenrolo da memoria como elemento importante para a interpretación.
- Desenrolo dunhas normas de actuación en grupo: afinación antes e/ou durante a clase coa colaboración do concertino, atención, traballo colectivo e respecto aos/ás compañeiros/as, director/a e público.**
- Desenrolo da igualdade nos golpes de arco.**
- Desenrolo do ouvido para o control permanente da afinación dentro da agrupación.**
- Ensaio: traballo individual e por seccións, convencións e disciplina do ensaio orquestral como ferramenta para comprender e ter capacidade de adaptación a unha agrupación de tipo profesional.
- Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do/a director/a, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.**
- O xesto
- Exactitude e interpretación das indicacións da partitura e director/a.**

- ☑ Interlocución entre instrumentos. Preguntas e respostas musicais.
- ☑ **Interpretación: articulación, ornamentación e dinámicas.**
- ☑ Linguaxe propia da Orquestra.
- ☑ O concerto: disciplina e protocolo.
- ☑ Posesión, preparación e valoración do material necesario para o traballo na materia de Orquestra: partitura, lapis, sordina...
- ☑ **Posición corporal correcta para tocar na Orquestra.**
- ☑ **Práctica da lectura a primeira vista de obras e fragmentos sinxelos escollidos a tal efecto.**
- ☑ **Recursos do instrumento**
- ☑ Respecto cara ao resto de compañeiros/as e cara o/a profesor/a nas súas intervencións.
- ☑ Indumentaria de concerto (segundo indique o/a director/a da agrupación).
- ☑ **Tempo, pulso, ritmo e motor; o empaque e o rubato.**
- ☑ **Afinación, variedade rítmica e vibrato; o empaste.**
- ☑ Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación.
- ☑ Valoración do silencio como marco da interpretación.
- ☑ **3º e 4º de Grao Profesional** (en grosa os mínimos exixibles).
- ☑ As agrupacións orquestrais
- ☑ Asistencia e puntualidade á clase, concertos e probas acústicas cando o/a profesor/a o dispoña.
- ☑ Características do repertorio: autores, xéneros e formas; instrumentación, textura e cor.
- ☑ Colocación da Orquestra seguindo as directrices do/a profesor/a.
- ☑ Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
- ☑ Desenrolo da memoria como elemento importante para a interpretación.

Desenrolo dunhas normas de actuación en grupo: afinación antes e/ou durante a clase coa colaboración do concertino, atención, traballo colectivo e respecto aos/ás compañeiros/as, director/a e público.

Desenrolo da igualdade nos golpes de arco.

Desenrolo do ouvido para o control permanente da afinación dentro da agrupación.

Ensaio: traballo individual e por seccións, convencións e disciplina do ensaio orquestral como ferramenta para comprender e ter capacidade de adaptación a unha agrupación de tipo profesional.

Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do/a director/a, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.

O xesto

Exactitude e interpretación das indicacións da partitura e director/a.

Interlocución entre instrumentos. Preguntas e respostas musicais.

Interpretación: articulación, ornamentación e dinámicas.

Linguaxe propia da Orquestra.

O concerto: disciplina e protocolo.

Posesión, preparación e valoración do material necesario para o traballo na materia de Orquestra: partitura, lapis, sordina...

Posición corporal correcta para tocar na Orquestra.

Práctica da lectura a primeira vista de obras e fragmentos sinxelos escollidos a tal efecto.

Recursos do instrumento

Respecto cara ao resto de compañeiros/as e cara o/a profesor/a nas súas intervencións.

Indumentaria de concerto (segundo indique o/a director/a da agrupación).

Tempo, pulso, ritmo e motor; o empaque e o rubato.

Afinación, variedade rítmica e vibrato; o empaste.

Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación.

Valoración do silencio como marco da interpretación.

5º e 6º de Grao Profesional (en grosu os mínimos exixibles).

As agrupacións orquestrais

Asistencia e puntualidade á clase, concertos e probas acústicas cando o/a profesor/a o dispoña.

Características do repertorio: autores, xéneros e formas; instrumentación, textura e cor.

Colocación da Orquestra seguindo as directrices do/a profesor/a.

Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.

Desenrolo da memoria como elemento importante para a interpretación.

Desenrolo dunhas normas de actuación en grupo: afinación antes e/ou durante a clase coa colaboración do concertino, atención, traballo colectivo e respecto aos/ás compañeiros/as, director/a e público.

Desenrolo da igualdade nos golpes de arco.

Desenrolo do ouvido para o control permanente da afinación dentro da agrupación.

Ensaio: traballo individual e por seccións, convencións e disciplina do ensaio orquestral como ferramenta para comprender e ter capacidade de adaptación a unha agrupación de tipo profesional.

Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do/a director/a, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.

O xesto

Exactitude e interpretación das indicacións da partitura e director/a.

Interlocución entre instrumentos. Preguntas e respostas musicais.

Interpretación: articulación, ornamentación e dinámicas.

Linguaxe propia da Orquestra.

O concerto: disciplina e protocolo.

Posesión, preparación e valoración do material necesario para o traballo na materia de Orquestra: partitura, lapis, sordina...

Posición corporal correcta para tocar na Orquestra.

Práctica da lectura a primeira vista de obras e fragmentos sinxelos escollidos a tal efecto.

Recursos do instrumento

Respecto cara ao resto de compañeiros/as e cara o/a profesor/a nas súas intervencións.

Indumentaria de concerto (segundo indique o/a director/a da agrupación).

Tempo, pulso, ritmo e motor; o empaque e o rubato.

Afinación, variedade rítmica e vibrato; o empaste.

Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación.

Valoración do silencio como marco da interpretación.

De xeito orientativo, a continuación explicaremos a secuenciación, concreción e xeito no que se traballarán os Obxectivos e Contidos do curso ao longo dos tres trimestres nos seis cursos do G.P.:

I TRIMESTRE

Lectura a vista das partituras

Traballo e explicación de matices, tempos, formas...

Golpes de arco

Afinación individual e colectiva

Protocolo e normas da clase

Xesto do/a Director

Inicio de traballo de empaste

Probas individuais, atriles ou por seccións

II TRIMESTRE

Pormenorización de detalles da partitura

Empaste de seccións

Golpes de arco e zonas de arco

Afinación de sección

Protocolo e normas da clase e audición

Xesto do/a Director e dos principais de sección

Evolución do empaste do son da orquestra

Probas individuais, atriles ou por seccións

Fraseo e dirección da música

Planos sonoros e polifonía

III TRIMESTRE

Detalle en profundidade de detalles da partitura

Empaste de seccións e orquestra

Golpes de arco e zonas de arco

Afinación individual, seccional e de orquestra.

Protocolo e normas da clase e audición

Xesto do/a Director e dos principais de sección

Evolución do empaste do son da orquestra

Probas individuais, atriles ou por seccións

Fraseo e dirección da música

Planos sonoros e polifonía

6.3 Avaliación

A avaliación que se levará a cabo na materia de Orquestra constará dos seguintes procesos:

1. Avaliación inicial ou de diagnóstico

Levarase a cabo na primeira clase do curso ou no primeiro momento de incorporación á materia.

Servirá para:

- Comprobar o punto de partida e os coñecementos adquiridos ata o momento.
- Detectar as dificultades e necesidades de atención educativa

2. Avaliación continua ou de progreso

Levarase a cabo ao longo do curso a través da observación, probas de aula, audicións, concertos, coa coordinación necesaria do resto de profesorado do alumnado

3. Avaliación final

En cada trimestre e cos datos obtidos da avaliación continua, realizarase ao final de cada un dos trimestres, unha valoración do grao de evolución e consecución dos obxectivos e contidos propostos ao alumnado nesta programación dende o inicio do proceso.

4. Auto avaliación (do alumnado)

A través do proceso de preparación das partituras, do traballo levado a cabo na casa e na clase e coa realización das audicións e/ou concertos levados a cabo, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.

6.3.1 **Criterios de avaliación**

O proceso de Avaliación é unha valoración do coñecemento, destreza e aptitudes de cada alumno/a respecto das capacidades a desenvolver. Tal como dicíamos arriba, existirá unha avaliación Inicial, será Continua e a cualificación Final será o resultado de aplicar os Criterios de Avaliación que a continuación se expoñerán (en grosso os mínimos exixibles):

- ✚ Amosar boa actitude e respecto ante as indicacións do Profesor/a-Director/a e cara aos/ás seus/súas compañeiros/as.
- ✚ **Amosar hábitos posturais correctos**
- ✚ **Amosar unha unidade sonora de conxunto: respiración, ataque, vibrato, afinación, ritmo, fraseo...**
- ✚ Atender e responder de xeito correcta e áxil ante as indicacións do/a profesor/a-director/a da Orquestra.
- ✚ Cumprir co protocolo de ensaios e actuación
- ✚ **Demostrar o estudo individual na casa das obras correspondentes ao repertorio ata acadar un nivel de interpretación acorde co curso de instrumento e, polo tanto, da orquestra.**

- ✚ **Dominar a particella e interpretada coas indicacións do/a profesor/a–director/a, segundo o curso no que se atope o alumnado.**
- ✚ **Integrar o son individual de cada un dentro do conxunto.**
- ✚ Interpretar as particellas da orquestra por seccións, grupos de diferentes dimensións y/o características (por atril, fila, sección ou intersección)
- ✚ **Interpretar individualmente todas as particellas.**
- ✚ **Interpretar o repertorio con autocontrol, concentración...**
- ✚ **Ler a primeira vista, de xeito individual e como parte integrada do conxunto.**
- ✚ Realizar concertos públicos coas obras ensaiadas.
- ✚ Recorrer a memoria nos pases de folla da partitura.
- ✚ Responder con prontitude ante ós requirimentos do/a profesor/a en canto á interpretación.
- ✚ **Tocar en grupo aplicando en todo momento a escoita polifónica e atendendo o equilibrio dos planos.**
- ✚ Utilizar a indumentaria axeitada segundo as indicacións do profesorado de orquestra nos concertos que se realicen.

6.3.2 Mínimos esixibles

Estes mínimos están marcados nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación en groso.

***IMPORTANTE:** O/A alumno/a debe ter en conta, os seguintes puntos:*

- *As continuas faltas de puntualidade sen xustificar, teranse tomadas como faltas inxustificadas, se tras falar co/a Profesor/a–Director/a non se atopa ningún motivo a dita impuntualidade.*
- *A asistencia sen instrumento (sen motivo xustificable) considerarase como falta sen xustificar sempre que non se demostre unha causa xustificable*
- *No caso de celebrarse, o alumnado que non asista coa indumentaria axeitada e/ou indicada polo/a director/a da agrupación á actuación pública que se programe, non participará na actuación.*

6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos

Cos seguintes procedementos preténdese obter información sobre o grao de consecución dos obxectivos propostos:

- ❖ Observación sistemática do/a alumno/a :
 - do traballo na aula
 - da actitude responsable no cumprimento das normas establecidas
 - das intervencións na clase (respostas a cuestións expostas, preguntas, dúbidas)
 - da realización das tarefas propostas na aula
 - do estudo persoal como medio para acadar con éxito os obxectivos
 - realización das actividades propostas tanto individualmente como no grupo correspondente
- ❖ Realizárase unha proba de lectura a vista.
- ❖ Analízase a participación nas actividades culturais de promoción das ensinanzas

Ferramentas de avaliación.

Empregaranse as seguintes:

- ❖ Gravacións e actuacións públicas.
- ❖ Libro de aula, como rexistro de toda a información relevante que acontece durante a clase, así como datos sobre o traballo levado a cabo na agrupación de xeito xeral e/ou particular (do alumnado).
- ❖ Control e rexistro de puntualidade e das faltas.

6.3.4 Criterios de cualificación

CONVOCATORIA ORDINARIA

- A. Alumnado que asista de xeito regular ás clases** (non ter o 50% ou máis faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre).

1.Criterios Técnicos – 35 %	2.Criterios Estéticos – 35 %	3. Criterios Actitudinais – 30%
<p>Afinación</p> <p>Igualdade de golpes de arco</p> <p>Articulación</p> <p>Lectura a vista fluída e precisa</p> <p>Posición corporal</p>	<p>Empaste</p> <p>Dinámicas</p> <p>Son</p> <p>Tempo</p> <p>Axeitar a interpretación aos diferentes estilos: golpes de arco, vibrato, etc.</p> <p>Planos sonoros</p>	<p>Puntualidade</p> <p>Atención ás indicacións do/a Director/a</p> <p>Respecto ao/á Director/a e aos/ás compañeiros/as</p> <p>Protocolo de actuación nos ensaios e actuación públicas.</p> <p>Implicación na materia</p> <p>Coidado do instrumento</p> <p>Indumentaria correcta no concerto e/ou actuacións que así o precisen por indicación do/a Docente.</p>

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo, si a cifra decimal é igual ou superior a 5 e ao enteiro inferior máis próximo, si a cifra decimal é inferior a 5.

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

A cualificación trimestral de cada alumno/a consistirá na suma e ponderación da valoración dos criterios de cualificación aquí amosados e que estarán reflectidos no Libro de Aula do docente, xunto coas notas e seguimento de cada unha das clases, audicións e/ou concertos do curso.

- B. **Alumnado que non veña regularmente a clase** (ter o 50% ou máis faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre). Para máis información consultar o apartado **6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios: Procedemento ordinario** desta programación:

EXERCICIO 1		EXERCICIO 2
1. Criterios Técnicos – 45 %	2. Criterios Estéticos – 45 %	3. Lectura a vista – 10 %
Afinación Igualdade de golpes de arco Articulación Interpretación fluída Posición corporal	Empaste Dinámicas Son Tempo Axeitar a interpretación aos diferentes estilos: golpes de arco, vibrato, etc. Planos sonoros	Son Afinación Tempo Matices Golpes de arco Indicacións da partitura Lectura fluída e precisa

Para a realización do Exercicio 1, o alumnado poderá elixir unha destas dúas opcións:

- aportar o grupo instrumental mínimo necesario para a interpretación das obras** (un cuarteto de corda: Violín I, Violín II, Viola e Violoncello); ou
- interpretar o repertorio do Exercicio 1 (ver apartado **6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios: Procedemento ordinario**) co alumnado da materia de Orquestra no día e hora da clase estipulado nos horarios do Centro dende inicio de curso.

Nos dous casos, a concreción do día e hora da proba será consensuado co Docente responsable da materia.

Deste xeito, o alumnado demostrará tanto a súa preparación individual, como a súa integración no colectivo, tal como exige a materia.

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo, si a cifra decimal é igual ou superior a 5 e ao enteiro inferior máis próximo, si a cifra decimal é inferior a 5.

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

C. Alumnado que realice as probas para ampliación de matrícula (ver máis información no apartado **6.3.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**)

<u>EXERCICIO 1</u>		<u>EXERCICIO 2</u>
1.Criterios Técnicos – 45 %	2.Criterios Estéticos – 45 %	3. Lectura a vista – 10 %
Afinación Igualdade de golpes de arco Articulación Interpretación fluída Posición corporal	Empaste Dinámicas Son Tempo Axeitar a interpretación aos diferentes estilos: golpes de arco, vibrato, etc. Planos sonoros	Son Afinación Tempo Matices Golpes de arco Indicacións da partitura Lectura fluída e precisa

Para a realización do Exercicio 1, o alumnado poderá elixir unha destas dúas opcións:

- aportar o grupo instrumental mínimo necesario para a interpretación das obras** (un cuarteto de corda: Violín I, Violín II, Viola e Violoncello); ou
- interpretar o repertorio deste Exercicio 1 **co alumnado da materia de Orquestra** no día e hora da clase de Orquestra estipulado nos horarios do Centro.

Nos dous casos, o día e hora da proba será consensuado co Docente responsable da materia.

Deste xeito, o alumnado demostrará tanto a súa preparación individual, como a súa integración no colectivo, tal como exige a materia.

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo, si a cifra decimal é igual ou superior a 5 e ao enteiro inferior máis próximo, si a cifra decimal é inferior a 5.

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

<u>EXERCICIO 1</u>		<u>EXERCICIO 2</u>
1.Criterios Técnicos – 45 %	2.Criterios Estéticos – 45 %	3. Lectura a vista – 10 %
Afinación Igualdade de golpes de arco Articulación Interpretación fluída Posición corporal	Dinámicas Son Tempo Axeitar a interpretación aos diferentes estilos: golpes de arco, vibrato, etc. Planos sonoros	Son Afinación Tempo Matices Golpes de arco Indicacións da partitura Lectura fluída e precisa

Para a realización do *Exercicio 1*, o alumnado **deberá aportar o grupo instrumental mínimo necesario para a interpretación das obras** (un cuarteto de corda: Violín I, Violín II, Viola e Violoncello). Deste xeito, o alumnado demostrará tanto a súa preparación individual, como a súa integración no colectivo, tal como exige a materia.

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo, si a cifra decimal é igual ou superior a 5 e ao enteiro inferior máis próximo, si a cifra decimal é inferior a 5.

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado. O protocolo para seguir está detallado no anexo (9.2).

O/A titor/a do alumnado que desexe ampliar matrícula deberá poñerse en contacto co profesorado da materia de Orquestra ao comezo do curso e dentro dos prazos estipulados polo Centro; o alumnado deberá realizar os seguintes exercicios na materia de Orquestra:

Exercicio 1 - Interpretación da totalidade do repertorio realizado na Orquestra do curso anterior (de xeito total ou parcial, a criterio do/a profesor/a da materia de Orquestra); estará a disposición do alumnado na aula virtual e, en caso de non ter acceso ou ter dúbidas sobre el, deberá solicitalo e/ou preguntar aos/ás docentes da materia de Orquestra con suficiente tempo de antelación.

Exercicio 2 - Lectura a primeira vista de TRES PASAXES de estilos diferentes acordos ao curso no que se atope, para os que disporá de 10 minutos.

Para a realización do Exercicio 1, o alumnado poderá elixir unha destas dúas opcións:

- a. **aportar o grupo instrumental mínimo necesario para a interpretación das obras** (un cuarteto de corda: Violín I, Violín II, Viola e Violoncello); ou

- b. interpretar o repertorio deste Exercicio 1 **co alumnado da materia de Orquestra** no día e hora da clase de Orquestra estipulado nos horarios do Centro.

Nos dous casos, o día e hora da proba será consensuado co Docente responsable da materia con tempo suficiente.

Deste xeito, o alumnado demostrará tanto a súa preparación individual, como a súa integración no colectivo, tal como exige a materia.

6.4 Medidas de recuperación

6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- **ALUMNADO QUE ASISTA DE XEITO REGULAR A CLASE**

Aquel alumnado que teña menos da metade de ausencias (xustificadas e/ou non xustificadas), irá asimilando os sucesivos contidos e iranse integrando progresivamente aos xa estudados, de xeito acumulativo ao longo do proceso educativo. Non obstante, certos contidos non asimilados requirirán actividades de reforzo e a realización de probas de recuperación dos mesmos. Estas realizaranse durante o mesmo e/ou nos seguintes Trimestres, xa que as obras a interpretar ao longo do curso facilitan este tipo de actividades, por medio de probas de atril, seccionais, intervencións en clase, observación directa... ou calquera outra actividade alternativa que considere oportuna o/a Director/a da Orquestra.

No caso daqueles/as alumnos/as que non superaran o Terceiro Trimestre, terán a posibilidade de realizar a Proba Extraordinaria, tal como se menciona nesta programación.

Os resultados da Avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas que utilizarán a escala de 1 a 10 sen decimais.

- **AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA** ou **ALUMNADO QUE NON ASISTA DE XEITO REGULAR A CLASE** (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre)

No caso do alumnado que non asista ás clases de xeito regular (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre) e os que desexen optar Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula), farán unha proba final que consistirá no seguinte:

Exercicio 1 - Interpretación da totalidade do repertorio realizado na Orquestra do curso anterior (de xeito total ou parcial, a criterio do/a profesor/a da materia de Orquestra); estará a disposición do alumnado na aula virtual e, en caso de non ter acceso, deberá solicitalo aos/ás docentes da materia de Orquestra con suficiente tempo de antelación.

Exercicio 2 - Lectura a primeira vista de TRES PASAXES de estilos diferentes acordos ao curso no que se atope, para os que disporá de 10 minutos.

Para a realización do Exercicio 1, o alumnado poderá elixir unha destas dúas opcións:

- a. **aportar o grupo instrumental mínimo necesario para a interpretación das obras** (un cuarteto de corda: Violín I, Violín II, Viola e Violoncello); ou
- b. interpretar o repertorio deste Exercicio 1 **co alumnado da materia de Orquestra** no día e hora da clase de Orquestra estipulado nos horarios do Centro.

Nos dous casos, o día e hora da proba será consensuado co Docente responsable da materia con tempo suficiente.

Deste xeito, o alumnado demostrará tanto a súa preparación individual, como a súa integración no colectivo, tal como exige a materia.

6.4.2 **Probas extraordinarias**

No caso de obter unha cualificación inferior a cinco na Convocatoria Ordinaria, o alumnado poderá recuperar a materia mediante unha proba na correspondente Convocatoria Extraordinaria na que se avaliarán os obxectivos e contidos pendentes de superar e especificados no Informe de Avaliación Negativa entregado na Avaliación Final da Convocatoria Ordinaria, axunto ao boletín de cualificacións e/ou enviado por Centros Net; neste Informe aparecerán reflectidos os obxectivos e contidos non acadados e a proposta de actividades de recuperación, constandingo a proba das seguintes partes:

Exercicio 1 - Interpretación da totalidade do repertorio realizado na Orquestra do curso anterior (de xeito total ou parcial, a criterio do/a profesor/a da materia de Orquestra); estará a disposición do alumnado na aula virtual e, en caso de non ter acceso, deberá solicitálo aos/ás docentes da materia de Orquestra con suficiente tempo de antelación.

Exercicio 2 - Lectura a primeira vista de TRES PASAXES de estilos diferentes acordados ao curso no que se atope, para os que disporá de 10 minutos.

O alumnado **deberá aportar o grupo instrumental mínimo necesario para a interpretación das obras** (un cuarteto de corda: Violín I, Violín II, Viola e Violoncello). Deste xeito, o alumnado demostrará tanto a súa preparación individual, como a súa integración no colectivo, tal como exige a materia.

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo, si a cifra decimal é igual ou superior a 5 e ao enteiro inferior máis próximo, si a cifra decimal é inferior a 5.

6.5 Recursos didácticos orientativos

- Bolero - M. Ravel
- Carnaval dos animais - C. Saint-Saens
- Concertos e obras barrocas - J. S. Bach, Vivaldi, Haendel, Corelli, Torelli...
- Cuartetos (versións de Orquestra de Corda) - W. A. Mozart
- Danzas Rumanas - B. Bartok
- La tormenta del desierto - Ferrer Ferrán
- Marche pour la cerimonia des turcs - J. B. Lully
- Moment for Morricone - Ennio Morricone
- Music for a festival - P. Sparke
- Music of the spheres - P. Sparke
- Orient Express - Philip Sparke
- Orquestracións de Sevilla e Granada - Albéniz
- Pinos de Roma - O. Respighi
- Plink, Plank, Plunk - L. Anderson

- Robin Hood - Michael Kamen
- Sinfonías – Beethoven
- Sinfonías – F. J. Haydn
- Sinfonías – W. A. Mozart
- Vals nº 2 – Shostakovich
- Vals Triste - Sibelius
- Waltzer – F. Schubert
- West Side Story - Leonard Bernstein

7. Procedementos de Avaliación e seguimento da Programación Didáctica

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

- *Observación sistemática.* A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o/a profesor/a pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta dos/as alumnos/as durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.
- Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do/a alumno/a as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenrolo do/a alumno/a, esencial para a súa correcta avaliación.
- *Probas prácticas.* Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que esquecer que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, o/a profesor/a de Orquestra organizará, ao longo do curso, audicións, probas e concertos, todos de carácter público, co fin de que o alumnado poida demostrar a asimilación e o desenrolo dos contidos técnicos e musicais, tocando sos, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.
- Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos/as outros/as profesores/as de especialidades afines para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre os/as alumnos/as e a unificación de criterios entre os/as profesores/as, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias.
- Proporase aos/ás alumnos/as un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis a hora de avaliar ao/á alumno/a.
- *Outras.* A verbalización permítenos saber o que os/as alumnos/as pensan e saben, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de

entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar ao/á alumno/a e o análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

O seguimento da Programación deberá ser, como mínimo, mensual a través dos medios que considere oportuno o/a docente, ben na reunión de Departamento, a través dun libro do/a profesor/a ou outro medio alternativo. Tódalas aquelas incidencias, modificacións... que sexan necesarias, serán revisadas nas seguintes programacións e quedarán constancia delas nas diferentes reunións de Departamento e reflexadas na Memoria Final do Departamento.

Para a realización da Homoxeneización, antes de entregar a Programación, os/as profesores/as da mesma materia acordarán os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción, que se verá reflexado na correspondente Programación Didáctica.

O proceso de Calibración realizarase naqueles casos nos que existan mais dun/ha profesor/a por materia e mesmo nivel educativo do seguinte xeito:

- *Os/as diferentes profesores/as comunicarán con tempo suficiente as datas das Audicións, Probas de Aula ou todas aquelas actividades que poidan servir para a realización da Calibración. A posta en común dos resultados, conclusións, axustes... poderán levarse a cabo nas diferentes Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación.*

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Despois de cada Avaliación, na seguinte reunión de Departamento, destacaranse aqueles apartados que sexan de interese e que poidan afectar ao funcionamento do mesmo a través dos datos resultantes das Avaliacións.

9. ANEXOS

9.1 Probas de Acceso de 2º a 6º G.P.

(O aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso que desexa realizar a proba)

A proba de Acceso que desexe realizar o aspirante na materia de Orquestra consistirá na lectura a primeira vista de, como mínimo, tres pasaxes, para os que disporá de 10 minutos acorde o nivel para o cal desexa acceder.

O ponderación da proba de Orquestra (así como a do resto de materias), pódese consultar na seguinte táboa:

MATERIAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (30%)					
Curso e Grao	2º G.P.	3º G.P.	4º G.P.	5º G.P.	6º G.P.
L.M e E.A.	100 %	100 %	30 %	20 %	15%
Hª da Música				20 %	15%
Análise					30 %
Harmonía			45%	35 %	15 %
Nov. Tec.			10 %	10 %	10 %
P.C.			15 %	15 %	15 %
MATERIAS INSTRUMENTAIS (70 %)					
Instrumento	60 %	60 %	60 %	60 %	60 %
Conxunto/Mª de Cámara	25 %	25 %	25 %	25 %	25 %
Orquestra/Banda	15 %	15 %	15 %	15 %	15 %

O/a alumno/a debe consultar o resto de programacións para saber en que consiste as diferentes partes da proba.

Contidos.

2º de Grao Profesional

- Afinación, variedade rítmica e vibrato; o empaste.
- Calidade sonora

- Control e xusteza do tempo
- Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar a partitura.
- Exactitude e interpretación das indicacións da partitura e director/a.
- Igualdade nos golpes de arco.
- Interlocución entre instrumentos. Preguntas e respostas musicais.
- Interpretación: articulación, ornamentación e dinámicas.
- Posición corporal correcta para tocar na Orquestra.
- Recursos do instrumento
- Tempo, pulso, ritmo e motor; o empaque e o rubato.
- Uso memoria como elemento importante para a interpretación.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.

3º e 4º de Grao Profesional

- Afinación, variedade rítmica e vibrato; o empaste.
- Calidade sonora
- Control e xusteza do tempo
- Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar a partitura
- Exactitude e interpretación das indicacións da partitura e director/a.
- Igualdade nos golpes de arco.
- Interlocución entre instrumentos. Preguntas e respostas musicais.
- Interpretación: articulación, ornamentación e dinámicas.
- Posición corporal correcta para tocar na Orquestra.
- Recursos do instrumento
- Tempo, pulso, ritmo e motor; o empaque e o rubato.
- Uso memoria como elemento importante para a interpretación.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.

5º e 6º de Grao Profesional

- Afinación, variedade rítmica e vibrato; o empaste.
- Calidade sonora
- Control e xusteza do tempo
- Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar a partitura.
- Exactitude e interpretación das indicacións da partitura e director/a.
- Igualdade nos golpes de arco.
- Interlocución entre instrumentos. Preguntas e respostas musicais.
- Interpretación: articulación, ornamentación e dinámicas.
- O xesto
- Posición corporal correcta para tocar na Orquestra.
- Recursos do instrumento
- Tempo, pulso, ritmo e motor; o empaque e o rubato.
- Uso memoria como elemento importante para a interpretación.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.

Criterios de cualificación.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliados, e seguindo as seguintes porcentaxes:

1.Criterios Técnicos – 50 %	2.Criterios Estéticos – 50 %
Afinación Igualdade de golpes de arco Articulación Fluidez y exactitude na lectura Posición corporal	Dinámicas Son Tempo Axeitar a interpretación aos diferentes estilos: golpes de arco, vibrato, etc. Planos sonoros

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo, si a cifra decimal é igual ou superior a 5 e ao enteiro inferior máis próximo, si a cifra decimal é inferior a 5.

9.2 Protocolo e Solicitud de Matrícula Excepcional

No Curso 2015-16, configúrose un protocolo para actuación nos casos do que a Lei chama "Matrícula Excepcional" e é de aplicación para todos os cursos, agás 4º G.E. e 6º G.P.; é o seguinte:

1º O profesorado que detecte a posibilidade de comezar este proceso (Matrícula Excepcional ou Ampliación de Matrícula), poñerase en contacto co/a titor/a do/a alumno/a (profesor/a de instrumento ou canto), se non o é.

2º O profesorado titor solicitará ao resto de docentes da persoa aspirante a ampliar a información necesaria para comezar ou non o procedemento. En caso afirmativo, pasamos o seguinte punto.

3º O profesorado titor consulta a Xefatura de Estudos se hai posibilidade de admitir un/unha estudante no curso ao que vai ampliar. En caso de informe favorable continúa o proceso.

4º O/A titor/a informa ao departamento e á familia do/a alumno/a do proceso.

5º A familia acepta o proceso. En caso de non facelo, non hai ampliación.

6º Todas as persoas docentes do/a aspirante realizan as probas de avaliación do curso completo. O proceso deberá ser realizado ao inicio do curso e rematará antes da data que determine o acordo da Comisión de Coordinación Pedagóxica, sendo recomendable antes do 15 de Outubro. As notas obtidas figurarán no expediente como cualificación final de curso.


7º O Titor/a solicitará unha Xunta Avaliadora á Xefatura de Estudos, na que se levantará ACTA e onde o profesorado do/a aspirante poñerá en común toda a información relativa a el/ela e as posibles accións a levar a cabo, se é o caso. No caso no que non exista UNANIMIDADE, o procedemento remata. Se hai acordo entre TODO O PROFESORADO implicado e este emite informe favorable, a ampliación de matrícula poderá ser realizada.

8º O Consello Escolar poderá delegar na Dirección do Centro a autorización das solicitudes de Matrícula Excepcional para a súa tramitación administrativa, sempre e cando exista un Informe favorable do profesorado implicado e non incumpra con outros aspectos de funcionamento do Centro ou lexislación vixente.

9º O/a Titor/a informará a familia e ás xefaturas dos departamentos correspondentes de que todo o proceso de avaliación e autorización foi favorable. A familia decide en última instancia se a ampliación se fai efectiva. En caso afirmativo deberá dirixirse á Secretaría do

Centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (matriculación, cumprimentación da solicitude de matrícula excepcional, pago de taxas...); unha vez realizados estes, o/a alumno/a estará matriculado/a oficialmente no correspondente curso e finaliza o procedemento de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula).

10º. As solicitudes autorizadas serán reflectidas na Acta de Avaliación do I Trimestre.



Solicitud de Matrícula Excepcional

(Ampliación de Matrícula)

D/D^a _____ con DNI _____
¹Pai / Nai / Titor/a do/a alumno/a _____, que
curso na actualidade o _____ Curso de Grao² _____ no Conservatorio
Profesional de Música "Xan Viaño" de Ferrol, tras ser informado polo Titor/a sobre a
capacidade amosada polo/a mesmo/a para afrontar , neste momento, o curso seguinte.

SOLICITO: a ampliación de matrícula do/a meu /miña fillo/a ao³ _____ Curso de Grao
_____.

Ferrol, ____ de _____ de 20__

Asdo:

A ampliación de matrícula implica o pago das taxas de matrícula do curso superior ao que se acceda

**O/A DIRECTOR/A DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA "XAN VIAÑO" DE
FERROL**

¹Táchese o que non proceda

²Elemental ou Profesional

³Curso ao que pretende promocionar